

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE OUTUBRO DE 2017

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:20 horas do día 9 de outubro de 2017, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidente:** D. Carlos López Font
- Vocais:** D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Antonio Vivero Mijares (asiste aos puntos 4a e 10a)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste ao punto 11a)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

4.- Apertura económica**a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitador	% baixa prezos unitarios	Incremento retención mensual facturación (7,5%), máximo 15%	Investiment o I+D e innovación mínimo 2% anualidade contrato (sen IVE)	Vehículo eléctrico uso persoal responsable xestión contrato (S/N)
PROSEÑAL, S.L.U.	22,22%	7,50%	5%	si
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	20%	7,50%	5%	si
SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.*	1.751.326,41€	7,50%	10%	si
API MOVILIDAD, S.A.	24,01%	7,50%	12%	si
FERROSER INFRAESTRUCTURAS,	17,20%	7,50%	5%	si



Licitador	% baixa prezos unitarios	Incremento retención mensual facturación (7,5%), máximo 15%	Investiment o I+D e innovación mínimo 2% anualidade contrato (sen IVE)	Vehículo eléctrico uso persoal responsable xestión contrato (S/N)
S.A.				
TECNIVAL, S.A.	21,53%	7,50%	5%	si

* SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. afástase do modelo de proposición recollido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) e, en lugar de propoñer unha baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios consignados no Anexo I do PPT, propón un prezo total do contrato de 1.751.326,41 euros.

Todos os licitadores agás TECNIVAL, S.A. presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asiste á apertura D. Xosé M. Martínez González, con DNI 35.296.953-A, en representación de API MOVILIDAD, S.A.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo	Incremento horas formación
LEYCA GEOSYSTEMS, S.L.	39.930 euros	10

Non asiste público á apertura.

En cumprimento do previsto na cláusula 15.3 do prego de de cláusulas administrativas particulares (“As fórmulas só serán de aplicación para valorar ofertas admitidas. As ofertas que conteñan valores anormais ou desproporcionados de acordo co establecido na cláusula 17 deste prego, non serán obxecto de valoración. Tampouco serán de aplicación cando no procedemento só exista un licitador admitido. Neste caso outorgaráselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula), a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda outorgarlle a LEYCA GEOSYSTEMS, S.L. a máxima puntuación por cada un dos criterios segundo o



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:21	Páxina 2 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-CH3C45-592F39-38XDTX-1UCE3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

previsto no apartado 9B do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares de acordo co seguinte cadro:

LEYCA GEOSYSTEMS, S.L.	
Prezo	55 puntos
Incremento horas formación	15 puntos
Total criterios avaliados a través de fórmula	70 puntos

Tendo en conta a puntuación outorgada a este licitador no informe asinado polo técnico medio en Topografía e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario do 3 de outubro de 2017 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor", aceptado pola Mesa de Contratación na sesión do 5 de outubro de 2017, a puntuación total é a seguinte:

LEYCA GEOSYSTEMS, S.L.	
Total criterios avaliados a través de xuízo de valor	0 puntos
Total criterios avaliados a través de fórmula	70 puntos
Total puntuación	70 puntos

En base ao anterior, indícase a continuación a clasificación por orde descendente:

	LICITADORES	TOTAL
1	LEYCA GEOSYSTEMS, S.L.	70 puntos

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440) (informe sobre B)

Entrégase o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 4 de outubro de 2017 de valoración do sobre B "proposición avaliable mediante xuízo de valor".

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa Canceleiro, entre Rosalía de Castro e García Barbón (4.668-440)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos da Área de Servizos Xerais e a técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos e Inspección Técnica de Obras o 4 de outubro de 2017 de



valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210)

Suspendida a sesión da Mesa de Contratación para a emisión do informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula, entrégase na propia sesión o referido informe asinado con data de hoxe polo enxeñeiro técnico industrial e o xefe do Servizo de Seguridade e Mobilidade.

Faise constar que no informe se recolle a seguinte incidencia:

“Examinado o contido das ofertas presentadas, compróbase que a correspondente á mercantil SEÑALIZACIONES VILLAR S.A. non se axusta ao modelo económico contido na cláusula 7ª apartado B subapartado 2 do Prego de Prescricións Administrativas Particulares (PCAP), afectando esencialmente ao contido da propia oferta porque a baixa proposta opera un efecto inadmisibile (reducción do prezo do contrato), e non unha redución de prezos unitarios deixando a salvo o prezo do contrato (facer máis co mesmo prezo de licitación).

A xuízo dos funcionarios asinantes, a oferta incurre no vicio consistente en apartarse substancialmente do modelo establecido contemplado na cláusula 13ª 5 C do PCAP”.

Tendo en conta o anterior así como as seguintes previsións do PCAP:

1. Cláusula 13.5C: *“A proposición avaliable mediante fórmula deberá ser formulada de acordo co modelo que se fixa no apartado 7.B das FEC”. “A Mesa, en resolución motivada, excluírá da licitación as proposicións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:*
 - *Que non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida.*
 - *Excedese do presuposto base de licitación.*
 - *Se apartase substancialmente do modelo establecido.*
 - *Comportase erro manifesto no importe da proposición.*
 - *Existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable”.*
2. Apartado 3L do Anexo I -FEC-: indica que estamos ante un contrato de servizos en función das necesidades da administración con orzamento máximo (disposición adicional 34ª do TRLCSP). Neste tipo de contratos, o empresario obrígase a executar un servizo de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas ou prestacións incluídas no obxecto do contrato se definan con exactitude ao tempo de celebrar este, por estar subordinadas ás necesidades da Administración.
3. Apartado 8B do Anexo I -FEC- do PCAP: contempla como criterio de adxudicación a *“maior baixa proporcional a aplicar aos prezos unitarios consignados no Anexo I do PPT”*, non o menor prezo do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:21	Páxina 4 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-CH3C45-592F39-38XDTX-1UCE3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa de Contratación acorda, por unanimidade, aceptar o informe asinado o 9 de outubro de 2017 polo enxeñeiro técnico industrial e o xefe do Servizo de Seguridade e Mobilidade e excluír deste procedemento a SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. por apartarse a súa proposición avaliable mediante fórmula substancialmente do modelo establecido (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- Sesión do 5 de outubro de 2017: exclúese a SEROVIALL, S.L. por non axustarse a súa proposición técnica ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).
- Sesión do 9 de outubro de 2017: exclúese a SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. por “*apartarse substancialmente do modelo establecido*” (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares).

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
API MOVILIDAD, S.A.	99,40
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	72,85
PROSEÑAL, S.L.U.	67,92
FERROSER INFRAESTRUCTURAS, S.A.	66,55
TECNIVIAL, S.A.	66,39

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).



4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.897,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2017, dos licitadores que deseguido se relacionan polo motivo previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares (“A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 9.B da FEC”):

1. GLOBAL GEOSYSTEMS, S.L.
2. LÓGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dun equipo de topografía para desenvolver os traballos topográficos necesarios na Área de Fomento (4.706-440) na seguinte orde descendente:

	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	LEYCA GEOSYSTEMS, S.L.	70 puntos

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, LEYCA GEOSYSTEMS, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.071,33 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:21	Páxina 6 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-CH3C45-592F39-38XDTX-1UCE3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 21 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444) na seguinte orde descendente:

Lote nº1: Soportes e accesorios:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Lote nº2: Luminarias e os seus accesorios:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Lote nº3: Material electromecánico diverso e condutores:

Licitador	Puntos
DIGAMEL, S.A.	100,00

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos 3 lotes, DIGAMEL, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.085,36 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, DIGAMEL, S.A., o día 22 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 6 de outubro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar DIGAMEL, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por DIGAMEL, S.A., de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula, de data 12 de setembro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:21	Páxina 8 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-CH3C45-592F39-38XDTX-1UCE3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a DIGAMEL, S.A., o lote 1 “Soportes e accesorios”, lote 2 “Luminarias e os seus accesorios” e lote 3 “Material electromecánico diverso e condutores” do procedemento aberto para a contratación do subministro de material eléctrico para as instalacións de iluminación, fontes e túneles do Concello de Vigo (40.873-444) por un prezo total por lote de 30.000 euros, 45.000 euros e 75.000 euros, respectivamente; en total 150.000 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.033,06 euros e coas seguintes baixas sobre os prezos unitarios:

- a) *Propón unha baixa porcentual única do 2%, de aplicación aos prezos unitarios do lote 1 relacionados no Anexo do PPT.*
- b) *Propón unha baixa proporcional única do 2%, de aplicación aos produtos ou materiais non previstos no cadro de prezos do lote 1 no Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*
- c) *Propón como baixa porcentual única do 2%, de aplicación aos prezos unitarios do lote 2 relacionados no Anexo do PPT.*
- d) *Propón unha baixa proporcional única do 2%, de aplicación aos produtos ou materiais non previstos no cadro de prezos do lote 2 no Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*
- e) *Propón como baixa porcentual única do 2%, de aplicación aos prezos unitarios do lote 3 relacionados no Anexo do PPT.*
- f) *Propón unha baixa proporcional única do 2%, de aplicación aos produtos ou materiais non previstos no cadro de prezos do lote 3 no Anexo do PPT, pertencentes ás mesmas familias dos produtos relacionados no mesmo.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:21	Páxina 9 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-CH3C45-592F39-38XDTX-1UCE3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 29 de setembro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe asinado polo xefe de Vías e Obras e Infraestruturas e o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos o 25 de setembro de 2017:

1. FEVISA VÍAS Y OBRAS, S.L. (lote nº 2)
2. HORDESCON, S.L. (lote nº 3)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas nos lotes nº 2 “Vigo Norte” e 3 “Vigo Sur” deste procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) na seguinte orde descendente:

Lote nº 2 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Norte”:

	Licitadores	% Baixa	Prezo ofertado
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	43,26	176.750,18 €
2	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	42,13	180.270,23 €
3	HORDESCON, S.L.	42,03	180.581,74 €
4	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	40,11	86.562,71 €
5	ELSAMEX, S.A.	38,85	190.487,72 €
6	NEMESIO ORDOÑEZ, S.A.	36,28	98.493,51 €
7	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	34,33	204.567,93 €
8	CONSTRUCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,10	208.399,50 €
9	MISTURAS, S.A.	31,72	212.697,43 €
10	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	31,01	214.910,04 €
11	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	30,03	217.962,82 €
12	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	29,13	220.766,40 €
13	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	28,70	222.105,79 €
14	NAROM, S.L.	28,40	23.040,41 €
15	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	27,24	226.653,92 €

Lote nº 3 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Sur”:

	Licitadores	% Baixa	Oferta económica
1	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	42,97	163.328,03 €



2	ASFALGAL TECNICAS VIARIAS, S.L.	42,07	165.905,53 €
3	FEVISA VIAS Y OBRAS, S.L.	42,03	166.020,08 €
4	ELECNOR INFRAESTRUCTURAS	40,09	171.576,04 €
5	ELSAMEX, S.A.	37,80	178.134,37 €
6	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	34,21	188.415,76 €
7	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	34,01	188.988,53 €
8	CONSTRUCIONS, OBRAS E VIAIS, S.A.	33,75	189.733,15 €
9	OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS, S.A.	32,23	194.086,27 €
10	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	32,00	194.744,97 €
11	MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	31,91	195.002,63 €
12	OBRAS PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES, S.L.	31,13	197.236,56 €
13	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.U.	30,80	198.181,64 €
14	NAROM, S.L.	29,43	202.105,17 €
15	EXTRACO, S.A.	28,72	204.137,89 €

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar nos lotes nº 2 e 3, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.
5. Resgardo da garantía complementaria do 5% do importe de adxudicación sen IVE, esixible de acordo co disposto no apartado 10B do Anexo I -FEC- do PCAP (“no suposto de que a oferta adxudicada se corresponda cunha oferta cualificada inicialmente como en presunción de oferta anormal ou desproporcionada, e fora xustificada adecuadamente e admitida para a súa valoración”).

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 859,84 euros (429,92 euros por cada lote) en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., o día 29 de setembro de 2017, que presenta a documentación requirida o 5 de outubro de 2017, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U., de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula, de data 26 de setembro de 2017.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U. os lotes 2 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Norte” e 3 “Substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais. Vigo Sur” do procedemento aberto para a contratación das obras de substitución de firmes de vías en contornos patrimoniais nas diferentes parroquias do Concello de Vigo (4.653-440) (LOTES 2 e 3) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do lote 2 é de 176.750,18 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.675,65 euros.*
- b) *O prezo total do lote 3 é de 163.328,03 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 28.346,19 euros.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:21	Páxina 12 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-CH3C45-592F39-38XDTX-1UCE3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:25 horas, logo dun receso entre as 10:40 e as 14:15 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

O presidente da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 05/05/2024 05:21	Páxina 13 de 13
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEAB45-CH3C45-592F39-38XDTX-1UCE3M-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		